

Informe de Seguimento do Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible

Concello de Gondomar



CONCELLO DE
GONDOMAR



Pacto de las Alcaldías
para el Clima y la Energía
EUROPA

Setembro 2024

ÍNDICE

1 ANTECEDENTES.....	3
2 ANÁLISE DA SITUACIÓN	4
2.1 Coordinación, organización e recursos	4
2.2 Participación das partes interesadas	5
2.3 Emisións	7
2.3.1 <i>Inventario de Seguimento de Emisións (ISE)</i>	7
2.3.2 <i>Análise comparativo 2019-2023</i>	10
2.3.3 <i>Grao de cumprimento</i>	11
2.4 Cambio climático.....	12
2.4.1 <i>Análise de riscos e vulnerabilidades</i>	13
2.5 Pobreza enerxética	16
2.5.1 <i>Definición e indicadores</i>	16
3 SEGUIMENTO DO PLAN DE ACCIÓN.....	19
3.1 Revisión das accións propostas no PACES 2021	19
3.2 Proposta de novas accións.....	70
3.3 Accións chave e aliñamento con ODS.....	81
4 ESTRATEXIA PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS	84

I ANTECEDENTES

O 17 de xuño de 2020 o Concello de Gondomar, en consonancia co seu compromiso coa sustentabilidade e a mellora ambiental, adheriuse ao Pacto das Alcaldías. O seguinte paso foi a elaboración do Plan de Acción para garantir o cumprimento dos obxectivos de freo do cambio climático no horizonte 2030. Así, o 23 de novembro de 2021 o Concello de Gondomar presentou o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES).

Esta folla de ruta estableceu un marco de actuación que axuda a materializar as ambicións de mitigación e adaptación ao cambio climático do Concello de Gondomar co reto de cumprir os obxectivos de adhesión ao Pacto das Alcaldías:

- Reducir polo menos nun 40% as emisións de CO₂ no Concello de Gondomar ata o ano 2030, fixando o 2019 como ano de referencia.
- Incrementar a capacidade de resiliencia do Concello de Gondomar mediante a adaptación ao cambio climático.
- Pola súa banda, o primeiro obxectivo básico está apoiado por dous complementarios:
 - Minimizar o consumo de enerxía no Concello.
 - Incrementar o nivel de implantación das enerxías renovables.
- Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia (IER).
- Realizar unha avaliación dos riscos e vulnerabilidades derivados do cambio climático.



O principal obxectivo do Concello de Gondomar coa elaboración do PACES foi contar cunha ferramenta municipal que describise a folla de ruta para acadar os compromisos adquiridos co Pacto das Alcaldías.

Toda planificación debe ir acompañada dun sistema de avaliación e seguimento, de xeito que se poda comprobar periodicamente o avance realizado e articular canles que permitan corrixir ou reconducir aquelas actuacións incluídas no Plan que por diversos motivos, e nalgúns casos alleos á Administración, a súa implantación non é viable.

Neste sentido, a metodoloxía de traballo do Pacto das Alcaldías solicita aos Concellos adheridos a elaboración e presentación dun informe de avaliación, control e comprobación dos obxectivos cada dous anos, sendo este un dos compromisos que adquiren os asinantes do Pacto.

Así, o presente documento recolle o Informe de seguimento no que, ademais de realizar un inventario de emisións actualizado e comparado co do ano 2019, contén os resultados provisionais da execución do Plan de Acción que permiten avaliar os traballos xa realizados dende o ano de referencia ata a actualidade.

Este Informe de seguimento tamén serve de apoio e folla de ruta ao goberno local de cara aos próximos anos, xa que define con detalle as actuacións tanto de redución de emisións como de adaptación ao cambio climático e loita contra a pobreza enerxética que debe seguir o Concello para acadar os obxectivos de redución de emisións de CO₂ para o 2030.

2 ANÁLISE DA SITUACIÓN

2.1 Coordinación, organización e recursos

Da mesma forma que na elaboración do PACES no ano 2021, o informe de seguimento tamén contou coa implicación de diferentes actores:

- Responsables políticos (Alcaldía e/ou concelleiro/s de diferentes áreas como medio ambiente, urbanismo, obras...).
- Técnicos municipais (técnicos responsables das áreas de enerxía, medio ambiente, xestión de residuos, urbanismo...).
- Asistencia técnica externa.

Para a elaboración e execución do informe de seguimento PACES utilizáronse os recursos municipais, especialmente os recursos humanos citados nas estruturas de coordinación e organización. Os devanditos recursos humanos teñen unha dedicación temporal parcial a estas tarefas, compatibilizándoa coas súas funcións cotiás na Administración local. Ademais, o Concello contou con servizos externos específicos e especializados, como asistencia externa a este equipo.

No que respecta aos recursos financeiros municipais, ao longo destes últimos anos tratouse de optimizalos procurando sempre acadar a mellor relación custo/beneficio en cada unha das accións propostas e analizando a posibilidade de financiamento externo, a través de liñas de axuda ou réximes de axudas públicas existentes e colaboracións privadas.

Así, en canto ao financiamento da implantación do PACES, o Concello de Gondomar seguiu as recomendacións do Pacto das Alcaldías nos seguintes eixos:


- As fontes de financiamento directo serían, por unha banda, os fondos propios municipais (tendo en conta ademais o aforro económico derivado do aforro enerxético acadado), e por outra banda, as liñas de axuda aos Concellos procedentes de entidades autonómicas (Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Augas de Galicia), estatais (IDAE, Ministerio de Transición Ecolóxica) e europeas. A nivel europeo existe unha pluralidade de posibilidades de acceso a diferentes tipos de financiamento. Entre estas fontes de financiamento atopamos os Fondos de Recuperación, o Programa Horizonte Europa, o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e os Fondos Europeos “Next Generation”, entre outros, para loitar contra o cambio climático.
- Implantar políticas públicas que fomenten actuacións de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, tanto dende o punto de vista fiscal como normativo, como os puntos de recarga de vehículos eléctricos ou o establecemento de zonas de limitación de velocidade.
- Impulsar a economía circular no sector de Edificios e Equipamentos/Instalacións Terciarias.
- Informar e asesorar a cidadáns e empresas na procura de fontes de financiamento autonómicas, estatais e comunitarias para investimentos en eficiencia enerxética e produción de enerxía renovable para autoconsumo, tanto na rehabilitación de vivendas residenciais como de naves comerciais ou industriais.

2.2 Participación das partes interesadas


A elaboración do Informe de seguimento PACES requiriu a colaboración e coordinación entre as distintas áreas da Administración Local.

O Pacto das Alcaldías establece unha serie de perigos climáticos e sectores da poboación máis vulnerables fronte as inclemencias do cambio climático que foron avaliados a través da realización dunha enquisa interna na que se solicitaba indicar o nivel de preocupación actual e futuro en relación con distintos perigos climáticos e co impacto que o cambio climático terá sobre diversos sectores da poboación. Os perigos climáticos e sectores da poboación avaliados foron os indicados a continuación:

Grao de preocupación polos diferentes perigos climáticos



Grao de preocupación polos diferentes colectivos



Tamén se solicitou que se avaliasen unha serie de obxectivos relacionados co PACES 2030, ordenándoos de maior a menor prioridade:

Táboa I Priorización de obxectivos e compromisos 2030

OBXECTIVOS E COMPROMISOS 2030	Orde de maior a menor prioridade (de 1-15)
Reducir as emisións municipais	1
Deseñar unha cidade atractiva e eficiente	2
Fomentar a redución dos residuos e desperdicios	3
Fomentar o uso responsable da enerxía	4
Fomentar unha economía verde e sostible	5
Mellorar a recollida de residuos	6
Fomentar o uso das enerxías renovables	7
Dedicar os recursos necesarios para o cumprimento dos obxectivos do PACES	8
Reducir a xeración de residuos	9
Adaptar as políticas municipais ao escenario máis probable de afección	10
Fomentar a redución das emisións non municipais (residencial, transporte, etc.)	11
Favorecer a economía circular	12
Crear un comité de seguimento dos impactos do cambio climático	13
Loitar contra a pobreza enerxética	14
Conseguir que a enerxía sexa segura, accesible e sostible	15

Isto permitiu determinar que os 3 primeiros obxectivos están enmarcados no ámbito das emisións, a planificación urbana e os residuos:

EMISIÓN	Reducir as emisións municipais
PLANIFICACIÓN URBANA	Deseñar unha cidade atractiva e eficiente
RESIDUOS	Fomentar a redución dos residuos e desperdicios

Ademais, desenvolveuse unha mesa de traballo o día 6 de setembro de 2024 co equipo de goberno e co persoal técnico do Concello de Gondomar. Os obxectivos deste proceso foron:

- Dar a coñecer os resultados do Inventario de Seguimento de Emisións do Concello e comentar os principais resultados.
- Dar a coñecer o estado actual de desenvolvemento de cada unha das accións presentes no Plan de Acción (ver apartado 3.1 Revisión das accións propostas no PACES).

- Analizar as prioridades de establecer novas liñas de actuación e accións tanto de redución de emisións como de adaptación ao cambio climático que o Concello deberá seguir co fin de alcanzar os obxectivos de redución de emisións de CO₂ de cara ao ano 2030 (ver apartado 3.2 Proposta de novas accións).

2.3 Emisións

Na loita local contra o cambio climático, a súa mitigación vén dada pola redución de emisións de gases de efecto invernadoiro (cuxo indicador é o CO₂ e o CO₂ equivalente¹ para os sectores de xestión de residuos e xestión de augas residuais).

Para poder cuantificar estas emisións realizouse unha análise para coñecer a situación de partida en canto ás emisións derivadas do consumo de enerxía a nivel local. O Concello de Gondomar comprometeuse a levar a cabo un novo inventario de emisións de forma periódica co obxectivo de alcanzar a redución de emisións do 40% en 2030.

2.3.1 Inventario de Seguimento de Emisións (ISE)

O inventario de emisións recolle as cantidades de CO₂ emitidas e permite identificar as principais fontes de emisión² e os seus respectivos potenciais de redución. O inventario é o punto de partida para as accións de mitigación porque proporciona información sobre os principais sectores emisores, axudando a identificar e propoñer as mellores accións de mitigación.

Para seleccionar o ano de referencia á hora de realizar a análise de consumos e emisións é necesario ter en conta a dispoñibilidade de datos de forma anual. Polo tanto, o 2023 é o ano que se tomou como referencia para realizar o Inventario de Seguimento de Emisións, realizando unha comparativa coa situación do Inventario de Emisións de Referencia realizado no ano 2019.


Para elaborar o Inventario de Emisións seguíronse as pautas establecidas na “Guía para la presentación de informes del Pacto de las Alcaldías para el Clima y la Energía”, tomando como referencia os sectores principais:

- Edificios, equipamentos e instalacións municipais.
- Alumeado Público.
- Edificios residenciais.
- Frota municipal.
- Transporte público.
- Transporte privado e comercial.

¹ Unidade universal de medida empregada para indicar, en termos de CO₂, o equivalente de cada un dos gases de efecto invernadoiro (GEI) con respecto ao seu potencial de quecemento global. Os principais GEI son: o dióxido de carbono (CO₂), o metano (CH₄), o óxido de nitróxeno (N₂O), os hidrofluorocarbonos (HFCs), os perfluorocarbonos (PFCs), e o hexafluoruro de xofre (SF₆).

² Utilizáronse factores de emisión estándar de acordo cos principios do *Intergovernmental Panel on Climate Change* (IPCC), tal e como recomenda o Pacto de Alcaldes para o Clima e a Enerxía.


Durante o ano 2023, alcanzouse un consumo total de 206.389 MWh no termo municipal de Gondomar. Na seguinte figura represéntanse os datos e o peso de cada un dos sectores anteriores en termos de consumo final de enerxía no municipio.



En canto ao consumo final de enerxía, o 58,5% corresponde ao sector transporte privado e comercial, seguido por un 39,9% en edificios residenciais. Esta situación mostra o gran peso que posúe a cidadanía nos consumos que se producen no termo municipal de Gondomar, sendo o Concello unicamente responsable dun 1% do total do consumo enerxético.


En relación aos consumos que dependen da xestión da administración local, pódese comprobar que no ano 2023 distribuíronse da seguinte forma: 56,0% alumeado público, 7,6% frota municipal e 36,4% edificios e instalacións municipais.

Consumo enerxético das instalacións xestionadas polo Concello [MWh]



Na análise dos consumos enerxéticos comprobouse que o Concello de Gondomar conta con 6 fontes de enerxía diferentes, destacando o consumo de electricidade que é do 86,9%, seguido polo de gasóleo (6,9%) e biomasa (3,4%).

Fontes de enerxía das instalacións xestionadas polo Concello [kWh]



Unha vez coñecidos os consumos enerxéticos no municipio, procedeuse ao cálculo das emisións de CO₂ / CO₂ equivalente. Seleccionáronse os factores de emisión para cada unha das fontes emisoras seguindo as directrices do IPCC³. Na táboa móstranse os factores de emisión para as fontes de enerxía das instalacións xestionadas polo Concello.

Táboa 2 Factores de emisión de CO₂ utilizados.


Electricidade	Gas natural	Gasóleo C	Gasóleo A	Gasolina	Pellets
t/MWh	t/MWh	t/MWh	t/MWh	t/MWh	t/MWh
0,259	0,202	0,286	0,267	0,249	0,000

No inventario de emisións, ademais de contabilizar as emisións derivadas do consumo enerxético dos sectores principais, inclúense as emisións de sectores non relacionados coa enerxía. Estes sectores non consumen enerxía pero si liberan emisións como é o caso da xestión de residuos (emisión de CH₄ procedente dos vertedoiros) e xestión de augas residuais (CH₄ e N₂O procedentes das plantas de tratamento de augas residuais).

No ano 2023 no termo municipal de Gondomar emitíronse un total de 50.018 toneladas de CO₂ / CO₂ equivalente.

³ The Intergovernmental Panel on Climate Change (IPCC) <https://www.ipcc.ch/>


Distribución das emisións de CO₂ [t] / emisión de eq. de CO₂ [t]



2.3.2 Análise comparativo 2019-2023


Unha vez analizados os consumos no ano de seguimento (2023) realizouse unha comparativa coa situación de partida correspondente ao ano 2019. Nesta comparativa pódese apreciar un aumento global dos consumos enerxéticos, especialmente nunha área non dependente da administración local como son os edificios residenciais. Globalmente, os consumos finais de enerxía reducíronse 13.443 MWh, o que se corresponde o 6% respecto ao ano 2019.

Consumo enerxético no término municipal [MWh]




En relación coas instalacións que xestiona o Concello, os consumos do alumeado público e dos edificios e instalacións municipais diminuíron con respecto aos do ano de referencia nun 22% e nun 15%, respectivamente. Respecto á frota municipal, os consumos aumentaron lixeiramente.

Consumo das instalacións xestionadas polo Concello [MWh]



No que respecta ás emisións de CO₂, redúcense un 20,7% respecto ao ano 2019, correspondente a unha redución global de 13.055 toneladas de CO₂. Se se analizan con maior detalle os sectores principais implicados, obsérvase que a maior redución en número de emisións obtívose no transporte privado e comercial e nos edificios residenciais.

Evolución das emisións de CO₂ [t] / emisións de eq. de CO₂ [t]



2.3.3 Grao de cumprimento

Cos resultados obtidos no Informe de Seguimento de Emisións (ISE) do 2023 é posible verificar a mitigación conseguida respecto ao compromiso adquirido fronte ao Pacto das Alcaldías para 2030. En termos de consumo enerxético, detéctase un lixeiro redución do consumo (6,12%) na totalidade do

termo municipal respecto ao 2019, derivado principalmente da redución no consumo no sector de transporte privado e comercial.

Non obstante, á hora de convertelo a emisións de CO₂ obtense unha mellora significativa debido a que estas emisións son calculadas a partir duns factores de emisión cos que se definen as toneladas de CO₂ / toneladas de CO₂ equivalente emitidas por cada MWh.

A instalación de novas tecnoloxías como a eólica, a hidráulica ou a solar resulta esencial para alcanzar os obxectivos propostos, xa que son, xunto á nuclear, fontes de enerxía sen combustión e, polo tanto, non emiten gases de efecto invernadoiro. Dado que un dos consumos principais en Gondomar é o de electricidade que provén do sistema eléctrico español, as emisións derivadas do mesmo experimentan unha redución. Esta redución é consecuencia da maior cota de renovables na estrutura de xeración da electricidade en España, acompañado tamén pola diminución da produción con carbón.

Como consecuencia, no ano 2023 no Concello de Gondomar alcánzase unha **redución do 20,70% das emisións de CO₂ respecto ao ano 2019**.

Como Concello asinante do Pacto das Alcaldías, o Concello de Gondomar comprometeuse a reducir un 40% as emisións de CO₂ de cara ao 2030 respecto ao ano de referencia (2019). No ano 2023 alcanzou unha redución tal que permite afirmar que o Concello de Gondomar vai polo bo camiño para alcanzar o seu obxectivo de redución.

OBXECTIVO PACES	REDUCIÓN DE EMISIÓNS CONSEGUIDAS
40% das emisións	20,70% das emisións
25.229 emisións de CO ₂ [t]	13.055 emisións de CO ₂ [t]

2.4 Cambio climático

Realizar unha análise dos ricos e vulnerabilidades fronte ao cambio climático era un dos compromisos que os asinantes do Pacto das Alcaldías debían afrontar no PACES que se elaborou no 2021; polo que determinar os principais perigos aos que o Concello de Gondomar está exposto foi o primeiro paso para comezar a definir as accións de adaptación, é dicir, as accións encamiñadas á reducir as consecuencias negativas derivadas do cambio climático.

Pasados dous anos dende a elaboración do primeiro informe, a análise realizada dos riscos e vulnerabilidades do Concello fronte ao cambio climático segue vixente. No informe PACES do 2021 realizouse un diagnóstico detallado do comportamento do clima no municipio de Gondomar e un estudo dos escenarios climáticos proxectados ata o ano 2100. Para esta análise contempláronse dous escenarios climáticos futuros que se estableceron no marco da iniciativa Escenarios-PNACC, empregáronse modelos climáticos que indican a evolución futura do clima, é dicir, as proxeccións climáticas tendo en conta a variación que, de acordo co quinto Informe de Avaliación do Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático das Nacións Unidas, experimentarán as emisións de gases de efecto invernadoiro ata o ano 2100:

- Escenario 4.5: Escenario favorable no que as emisións acadan o seu punto máximo no ano 2040, e despois diminúen.

- Escenario 8.5: Escenario crítico no que as emisións seguen aumentando durante todo o século XXI.

Na seguinte táboa móstranse os cambios nas variables climáticas no período 2005-2100 nos escenarios RCP 4.5 e 8.5 con respecto ao período de referencia (1971-2000).

	ESCENARIO RCP 4.5			ESCENARIO RCP 8.5		
	ANUAL	INVERNO	VERÁN	ANUAL	INVERNO	VERÁN
TEMPERATURA MÁXIMA	+1°C	+1°C	+2°C	+2°C	+2°C	+3°C
TEMPERATURA MÍNIMA	+1°C	+1°C	+1°C	+2°C	+2°C	+2°C
PRECIPITACIÓNS	-4%	+7%	-25%	-7%	+6%	-33%
NÚMERO DE NOITES CÁLIDAS	+30			+46		
NÚMERO DE DÍAS DE XEADA	-3			-4		

2.4.1 Análise de riscos e vulnerabilidades

Da mesma forma, o cambio climático trae asociadas unha serie de modificacións no clima que se están facendo cada vez máis notables e as proxeccións futuras contemplan que cada vez sexan máis frecuentes e de maiores dimensións, converténdose así en perigos climáticos sobre a poboación, especialmente naqueles sectores máis vulnerables:



Así, no informe PACES 2021, para realizar a análise de riscos e vulnerabilidades, cuantificouse o impacto que cada perigo climático tería sobre os sectores de estudo partindo das condicións ambientais e das características propias do Concello. Para comparar a importancia que estes riscos de impacto teñen no municipio, levouse a cabo unha análise cuantitativa en función da probabilidade de que ocorra, do nivel de impacto previsto e do marco temporal de cada un.

	Edificiacións	Transporte	Industria	Energía	Auga	Residuos	Urbanismo e planificación	Agricultura e silvicultura	Medioambiente e biodiversidade	Saúde	Protección civil e emerxencias	Turismo
Calor extremo	1	0,5	1,5	0,5	0,5	1	1,5	2,5	1,5	1,5	1,5	2,5
Frío extremo	1	0,5	1,5	0,5	0,5	1	1	2,5	1,5	1,5	1,5	1,5
Precipitación extrema	0,9	4,5	4,5	4,5	0,9	1,8	2,7	4,5	2,7	3,6	4,5	0,9
Inundacións	4,5	4,5	4,5	2,7	2,7	0,9	4,5	4,5	4,5	0,9	4,5	0,9
Secas	0,9	0,9	0,9	0,9	2,7	1,8	2,7	4,5	2,7	2,7	2,7	1,8
Incendios forestais	5	5	5	5	3	3	5	5	4	3	5	5
TOTAL	13,3	15,9	17,9	14,1	10,3	9,5	17,4	23,5	16,9	13,2	19,7	12,8

Figura 1 Matriz de riscos.

Unha vez determinados os sectores de actividade e de servizos que teñen asociado un maior risco no Concello de Gondomar, procedeuse a determinar os sectores máis vulnerables. Para tal fin, tivéronse en conta as medidas que o Concello xa está poñendo en marcha de cara a reducir o risco dos perigos climáticos en todo o seu termo municipal.

	Edificiacións	Transporte	Industria	Energía	Auga	Residuos	Urbanismo e planificación	Agricultura e silvicultura	Medioambiente e biodiversidade	Saúde	Protección civil e emerxencias	Turismo
Calor extremo	1	0,5	1,5	0,5	0,5	1	1,5	2,5	1,5	1,5	1,5	2,5
Frío extremo	1	0,5	1,5	0,5	0,5	1	1	2,5	1,5	1,5	1,5	1,5
Precipitación extrema	0,9	4	4	4	0,9	1,8	2,2	4	2,2	2,6	3	0,9
Inundacións	4	4	4	2,2	2,2	0,9	4	4	4	0,9	3	0,9
Secas	0,9	0,9	0,9	0,9	2,7	1,8	2,7	4,5	2,7	2,2	1,7	1,8
Incendios forestais	3,5	3,5	3,5	3,5	1,5	1,5	3,5	3,5	2,5	1	2,5	3,5
TOTAL	11,3	13,4	15,4	11,8	8,3	8	14,9	21	14,4	9,7	13,2	11,1

Figura 2 Matriz de vulnerabilidades.

A matriz de vulnerabilidades permite identificar os sectores de adaptación máis vulnerables fronte ao cambio climático (ver seguinte táboa). Dita identificación é o primeiro paso de cara á adopción das medidas de adaptación que permitan reducir os impactos do cambio climático no Concello, prestando especial atención aos sectores que teñen unha maior vulnerabilidade.

Táboa 3 Sectores que ocupan os tres primeiros postos na clasificación de sectores máis vulnerables.

Clasificación	Sectores máis vulnerables
1º	Agricultura e silvicultura
2º	Industria
3º	Urbanismo e planificación

Tamén é imprescindible ter en conta que os perigos climáticos terán tamén consecuencias para a saúde e o benestar da poboación. As características intrínsecas de certos colectivos convérteos en máis vulnerables fronte a determinados perigos climáticos. Esta maior vulnerabilidade require que sexan tidos en conta á hora de establecer medidas de adaptación ao cambio climático ou de determinar as áreas do Concello que resultan prioritarias para a aplicación destas medidas.

Para abordar as situacións de vulnerabilidade nos diferentes sectores, definíronse uns ámbitos de actuación que marcan a folia de ruta do Concello de Gondomar para establecer as medidas de adaptación ao cambio climático:



MEDIO RURAL

Adaptar o medio natural e rural aos cambios, xerando o coñecemento necesario, mellorando constantemente a súa capacidade de resposta e fortalecéndoa para afrontar os actuais e novos cambios climáticos.



MEDIO URBANO

Incrementar a resiliencia do medio urbano a través da dotación de ferramentas e políticas abordables dende a escala municipal, que dean resposta á situación climática actual e futura do territorio.



SOCIEDADE E GOBERNANZA

Sensibilizar á poboación e garantir o benestar das persoas, reducindo os danos xerados polos perigos asociados ao cambio climático, poñendo especial atención aos grupos en situación de vulnerabilidade e evitando as desigualdades.

Fomentar unha gobernanza de calidade que promova a xeración de coñecemento, unha política local integrada, igualitaria e coordinada co fin de facer fronte aos desafíos climáticos que encara o Concello.

2.5 Pobreza enerxética

Tal como se recolle no Pacto das Alcaldías, os asinantes tamén deberán definir accións que aborden o acceso equitativo a unha enerxía segura, alcanzable e sostible, é dicir, que loiten contra a pobreza enerxética.

2.5.1 Definición e indicadores

A pobreza enerxética é a situación na que se atopa un fogar no que non se poden cubrir as necesidades básicas de abastecemento enerxético, como consecuencia dun nivel de ingresos insuficiente e que, no seu caso, pode verse agravada por ter unha vivenda enerxeticamente ineficiente. Isto conleva a incapacidade dun fogar para dispoñer dos servizos de calefacción, refrixeración, iluminación e outros demandantes de enerxía de maneira segura e adecuada para as necesidades do fogar, cun custo alcanzable.

Para parametrizar as situacións de pobreza enerxética utilizáronse os 4 indicadores oficiais do Observatorio Europeo contra a Pobreza Enerxética (EPOV)⁴.

1. **Gasto desproporcionado (2M):** porcentaxe de fogares cuxo gasto enerxético en relación aos seus ingresos é máis do dobre da mediana nacional.
2. **Pobreza enerxética oculta (HEP):** porcentaxe de fogares cuxo gasto enerxético absoluto é inferior á metade da mediana nacional. Este indicador pode estar asociado a fogares que limitan as súas necesidades enerxéticas por debaixo do desexable para manter un nivel mínimo de confort, aínda que tamén pode deberse a patróns de comportamento máis eficientes, así como á dispoñibilidade de equipos con altos estándares de enerxía (eficiencia enerxética).
3. **Incapacidade para manter o fogar a unha temperatura adecuada:** porcentaxe da poboación que non pode manter a súa vivenda a unha temperatura adecuada.
4. **Atraso no pago das facturas:** porcentaxe da poboación que presenta atrasos no pago das facturas dos artigos do fogar.

A pobreza enerxética pode estar causada por baixos ingresos no fogar, elevados prezos da enerxía, a ineficiencia enerxética dos fogares ou unha combinación destes tres factores:





Figura 3 Claves da pobreza enerxética. Elaboración propia.

⁴ EU Energy Poverty Observatory (EPOV) https://energy-poverty.ec.europa.eu/energy-poverty-observatory_en

Para coñecer a situación na que se pode encontrar a poboación do Concello de Gondomar respecto á posibilidade de padecer pobreza enerxética nos seus fogares, consultáronse os visores do INE⁵ da actualización máis recente correspondente ao ano 2021:


- **Renda neta media por fogar**

Nivel de ingresos netos recibidos polos membros do fogar.



- **Porcentaxe de poboación con ingresos por unidade de consumo menor ao 60% da mediana**

Nivel de ingresos por debaixo do cal se considera a unha persoa en condicións de renda baixa e, polo tanto, en situación de risco de pobreza. A UE fixou este limiar no 60% da mediana da renda dispoñible equivalente.




⁵ Atlas de distribución de renta de los hogares. Año 2021. INE.

https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736177088&menu=ultiDatos&idp=1254735976608

• Índice de Gini

O índice de Gini ou coeficiente de Gini é unha medida económica que serve para calcular a desigualdade de ingresos que existe entre os cidadáns dun territorio. O valor do coeficiente de Gini (en valor absoluto) atópase entre 0 e 1, sendo cero a máxima igualdade (todos os cidadáns teñen os mesmos ingresos) e 1 a máxima desigualdade (todos os ingresos tenos un só cidadán). Cando se expresa en porcentaxe, o Índice de Gini alcanza valores do 0% ao 100%.



3 SEGUIMIENTO DO PLAN DE ACCIÓN

Para levar a cabo a revisión e seguimento do Plan de Acción e realizar as aspiracións en materia de mitigación e adaptación, fíxose un punto de partida e un punto final ao que se pretende chegar grazas á posta en marcha de medidas específicas de redución de emisións e de adaptación ao cambio climático.

Para fixar o punto de partida, tomáronse datos concretos de consumos e emisións en tódolos ámbitos de actuación públicos e privados que afectan a tódolos sectores de actividade, analizando e clasificando toda a información, e tendo así unha foto fixa do ritmo de consumo do Concello.

Ao abordar de forma conxunta a mitigación e a adaptación, potenciáanse as sinerxías políticas e sociais para conseguir solucións locais para o Concello de Gondomar que axudan a promover uns servizos enerxéticos seguros, sostibles e economicamente accesibles para todos e todas, mellorando así a calidade de vida e incrementando a seguridade enerxética.

Para acadar un adecuado seguimento e avaliación, identificáronse en cada acción unha serie de indicadores que permiten establecer unhas pautas de seguimento e avaliación do PACES. Os indicadores aquí expostos e presentados poden verse modificados co paso do tempo xa que se trata dun plan a longo prazo e debe ser planificado coa suficiente versatilidade e adaptabilidade.

Existen 3 tipoloxías de accións dentro do PACES que fan referencia a cada área de actuación:

- As accións de **mitigación** son aquelas actuacións dirixidas a reducir e limitar as emisións de gases de efecto invernadoiro.
- As accións de **adaptación** baséanse na redución da vulnerabilidade aos efectos do cambio climático.
- As accións de **pobreza enerxética** céntranse en loitar contra situacións nas que non se poden cubrir as necesidades básicas de abastecemento enerxético.

3.1 Revisión das accións propostas no PACES 2021



O obxectivo do presente informe foi realizar un seguimento das accións que foron recollidas no informe PACES do ano 2021 e propor novas accións tanto de mitigación como de adaptación, así como engadir accións contra a loita de pobreza enerxética.

Algunhas das accións que se estableceron no PACES 2021 estaban enmarcadas en varios ámbitos de actuación xa que son accións transversais nas que se actúa sobre dúas ou incluso as 3 áreas, estas accións denomínanse transversais.

A continuación móstranse as accións establecidas no PACES:

ACCIÓNS PACES 2021	Accións		
	Mitigación	Adaptación	Pobreza enerxética
Definición dunha estrutura organizativa e competente axeitada	X	X	X
Plan de comunicación e participación do PACES ata o horizonte 2030	X	X	X
Contratación pública de produtos e servizos aplicando criterios de baixa pegada de carbono, eficiencia enerxética e impulso das enerxías renovables	X		
Contratación pública de electricidade verde	X		
Renovación das instalacións de alumado público	X		
Renovación dos sistemas de calefacción e ACS dos edificios de titularidade municipal	X	X	
Mellora da eficiencia enerxética da iluminación dos edificios municipais	X		
Implantación de instalacións de enerxía renovable para autoconsumo en edificios e instalacións municipais	X		
Mellora da rede de abastecemento de auga	X	X	
Mellora das envolventes dos edificios municipais	X	X	
Promoción e incentivo á mellora da calificación enerxética de edificios terciarios e residenciais	X		
Promoción e incentivo das enerxías renovables (solar fotovoltaica, solar térmica, biomasa, outras), e renovación de envolventes	X	X	
Control e aplicación efectiva das esixencias básicas de aforro de enerxía (HE) do Código Técnico da Edificación (CTE) en edificios de nova construción e en intervencións sobre edificios existentes. Desenvolvemento de ordenanza	X		
Campañas para o aforro enerxético no fogar	X		
Substitución paulatina da iluminación pouco eficiente no sector residencial	X		
Renovación da frota municipal	X		
Incentivos fiscais no IVTM para vehículos eficientes e non contaminantes	X		
Humanización, peonalización, dentro do termo municipal e redución da velocidade en vías para vehículos	X		
Establecemento de puntos de recarga e lugares de aparcamento reservado para vehículos eléctricos	X		
Difusión dos incentivos. Renovación de vehículos privados-comerciais	X		
Recollida separada dos biorresiduos para compostaxe	X	X	
Servizo de loita contra a pobreza enerxética en familias vulnerables levado a cabo polos servizos sociais	X		X


No proceso de elaboración deste informe de seguimento, realizouse unha análise do estado de execución das accións do PACES 2021. A continuación clasifícanse as accións en función do seu estado de execución.

 Non iniciada  En proceso  Completada	Estado de execución
Definición dunha estrutura organizativa e competente axeitada	En proceso
Plan de comunicación e participación do PACES ata o horizonte 2030	En proceso
Contratación pública de produtos e servizos aplicando criterios de baixa pegada de carbono, eficiencia enerxética e impulso das enerxías renovables	En proceso
Contratación pública de electricidade verde	Non iniciada
Renovación das instalacións de alumado público	En proceso
Renovación dos sistemas de calefacción e ACS dos edificios de titularidade municipal	En proceso
Mellora da eficiencia enerxética da iluminación dos edificios municipais	En proceso
Implantación de instalacións de enerxía renovable para autoconsumo en edificios e instalacións municipais	En proceso
Mellora da rede de abastecemento de auga	En proceso
Mellora das envolventes dos edificios municipais	En proceso
Promoción e incentivo á mellora da calificación enerxética de edificios terciarios e residenciais	En proceso
Promoción e incentivo das enerxías renovables (solar fotovoltaica, solar térmica, biomasa, outras), e renovación de envolventes	En proceso
Control e aplicación efectiva das esixencias básicas de aforro de enerxía (HE) do Código Técnico da Edificación (CTE) en edificios de nova construción e en intervencións sobre edificios existentes. Desenvolvemento de ordenanza	En proceso
Campañas para o aforro enerxético no fogar	Non iniciada
Substitución paulatina da iluminación pouco eficiente no sector residencial	Non iniciada
Renovación da frota municipal	En proceso
Incentivos fiscais no IVTM para vehículos eficientes e non contaminantes	En proceso
Humanización, peonalización, dentro do termo municipal e redución da velocidade en vías para vehículos	En proceso
Establecemento de puntos de recarga e lugares de aparcamento reservado para vehículos eléctricos	En proceso
Difusión dos incentivos. Renovación de vehículos privados-comerciais	En proceso
Recollida separada dos biorresiduos para compostaxe	En proceso
Servizo de loita contra a pobreza enerxética en familias vulnerables levado a cabo polos servizos sociais	En proceso

Para cada acción elaborouse unha ficha descritiva na que se especifican aspectos tales como a liña estratéxica, a descrición da medida, cronoloxía, descrición do grao de execución, os entes implicados e responsables da súa execución, o orzamento, as principais vías de financiamento e o impacto estimado alcanzado.

A continuación presentanse as fichas de cada unha das 22 accións revisadas:

ACCIÓN PACES DO Concello de GONDOMAR		Acción Chave: Non	Referencia: EO-01
SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		Data de seguimento: 01/09/2024	
Liña Estratéxica: ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN (EO)	Sector PACES: Todos (Transversal)		Prioridade: Alta
Tipo de acción: Mitigación, adaptación e pobreza enerxética			
Medida: DEFINICIÓN DUNHA ESTRUTURA ORGANIZATIVA E COMPETENCIAL AXEITADA			
Obxectivo: Conseguir a aplicación efectiva do PACES garantindo a existencia dunha estrutura competencial e organizativa adecuada que asegure a correcta execución das medidas contempladas no Plan de Acción e a consecución dos obxectivos xerais que implica a adhesión do Concello á iniciativa Pacto das Alcaldías, é dicir a superar os obxectivos da UE en relación coa redución das emisións de CO ₂ e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.			
Descrición da acción: Crearase o marco funcional que ampara o desenvolvemento do PACES, definindo responsabilidades, concretando procedementos e poñendo ao dispor do Plan de Acción os adecuados recursos humanos e materiais necesarios. Posibilidade de crear a figura de xestor enerxético municipal ou unidade de xestión enerxética local encargada da implementación, seguimento e control das diferentes medidas de acción enerxética do PACES, incluíndo o seguimento e control dos consumos enerxéticos.			
Indicadores e seguimento:		Indicador 2: ---- Uds. Indicador 2: ----	
Indicador 1: Existencia de estrutura organizativa e procedemental para a aplicación do PACES no Concello Uds. Indicador 1: Presencia/Ausencia			
Indicador 3: ---- Uds. Indicador 3: ----		Indicador 4: ---- Uds. Indicador 4: ----	
Cronoloxía: Data de inicio da implantación: 2024 Data de finalización: Estado de implantación: En proceso			
Descrición grao de cumprimento: O Concello de Gondomar designa a seguinte estrutura organizativa e procedemental para a aplicación do PACES no Municipio:			



ACCIÓNS PACES DO Concello de GONDOMAR		Acción Chave: Non	Referencia: CPSF-01
SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		Data de seguimento: 01/09/2024	
Liña Estratéxica: COMUNICACIÓN, PARTICIPACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E FORMACIÓN (CPSF)	Sector PACES: Todos (Transversal)	Prioridade: Alta	
Tipo de acción: Mitigación, adaptación e pobreza enerxética			
Medida: PLAN DE COMUNICACIÓN E PARTICIPACIÓN DO PACES ATA O HORIZONTE 2030			
Obxectivo: Difundir o PACES, os seus obxectivos, accións e evolución para coñecemento xeral e garantir a necesaria implicación dos sectores.			
Descrición da acción: O Concello deberá desenvolver un Plan de Comunicación que acompañará ás distintas fases de desenvolvemento do PACES ata o horizonte 2030. Este plan incluírá as accións necesarias para difundir e comunicar extensa e intensamente o estado e desenvolvemento do PACES a todos os actores implicados (empregado e xestores locais, poboación en xeral, actores sociais e produtivos, etc.) para convertelo nunha ferramenta de traballo e de xestión que permita articular a gobernanza. Entre outras actuacións débese: <ul style="list-style-type: none"> - Manter e alimentar de forma periódica dunha páxina ou espazo web do PACES - Organizar un "Día de la Energía" ou "Día del Pacto de las alcaldías" - Difundir periodicamente notas de prensa aos medios cos avances e os principais fitos do PACES - Difundir os PACES a través das redes sociais - Celebrar reunións e eventos públicos arredor da Enerxía Sostible - Asinar convenios / convencións cos sectores implicados (comerciantes, transportistas, comunidades / asociacións de veciños, etc.) - Elaborar e difundir material de información e sensibilización (código de boas prácticas enerxéticas, preparación de folletos, etc.) - Outros O Plan de comunicación servirá tamén para difundir as actividades formativas do INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA). Algunhas das accións de sensibilización e formación desenvólvense e indícanse especificamente nos sectores PAES aos que deben dirixirse, aínda que se consideran un desenvolvemento xeral desta medida / acción.			
Indicadores e seguimento: Indicador 1: N° de accións de difusión, comunicación e participación do PACES. Uds. Indicador 1: Uds.		Indicador 2: N° de actores socioeconómicos e cidadáns que participaron nas accións ou manifestan coñecemento do PACES. Uds. Indicador 2: Uds.	
Indicador 3: ---- Uds. Indicador 3: ----		Indicador 4: ---- Uds. Indicador 4: ----	
Cronoloxía: Data de inicio da implantación: 2022 Data de finalización: Estado de implantación: En proceso			
Descrición grao de cumprimento:			

O Concello de Gondomar realizou durante este período diversas accións dentro do Plan de Comunicación vinculado ao PACES como é o mantemento e alimentación periódica dun espazo destinado ao PACES a través da páxina web institucional.

Para determinadas actividades específicas utilízanse tamén outras seccións da páxina web do Concello a través da súa páxina web <https://concellodegondomar.gal/paces/>. Esta sección é específica para a comunicación das accións levadas a cabo o abeiro do PACES.



Así mesmo, a través do gabinete de prensa difundíuse con asiduidade en redes sociais e notas de prensa os distintos avances e logros que se foron producindo en relación co PACES. Comprobouse que nas diferentes medidas de mitigación levadas a cabo polo Concello faise mención ao Pacto das Alcaldías, ven directamente ou ben por incluír o logo do Plan nas informacións. Así, esta medida encóntrase totalmente implantada, sendo

necesaria que se manteña a estrutura organizativa que fai posible contar cun sistema de comunicación desta envergadura e que funciona de forma eficiente.

Parte interesada implicada:

Goberno ou axencias nacionais: Non	Sindicatos: Non	ONGs e sociedade civil: Si
Goberno ou axencias subnacionais: Non	Investigadores: Non	Cidadanía: Si
Empresas e sector privado: Non	Sector educativo: Non	Outros:

Fonte de financiamento:

Recursos propios da autoridade local: Si	Fondos e programas rexionais: Non
Fondos e programas nacionais: Non	Fondos e programas da EU: Non
Sociedades públicas e privadas: Non	Outros: NON PROCEDE

Custo total da implantación (€): 0

Custo de inversión (€): 0

Custo alleos da inversión (€): 0

Detalles das accións de mitigación

Sector: Outros

Área de intervención: A16 Acción Integrada (todo o anterior)

Instrumento político: B73 Non aplicable

Impacto estimado

Aforro de enerxía (MWh/a):

Producción de enerxía renovábel (MWh/a):

Redución de CO₂ (t CO₂/a): 0

Impacto económico (en caso de estar finalizadas)

Aforro económico (€):

Esperanza de vida (anos):

Rendemento da inversión (%):

Empregos creados (equivalente a tempo completo):

ACCIÓN PACES DO Concello de GONDOMAR		Acción Chave: Non	Referencia: CP-01
SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		Data de seguimento: 01/09/2024	
Liña Estratéxica: CONTRATACIÓN PÚBLICA DE PRODUTOS E SERVIZOS (CP)	Sector PACES: Todos (Transversal)	Prioridade: Alta	
<p>Estableceuse un organigrama de responsabilidades relacionadas co PACES.</p> <p>Detectouse que falta Información nas áreas municipais acerca das medidas do PACES que corresponden ao seu departamento xa que en moitos casos están a levarse a cabo pero descoñecen que estean englobadas neste programa, así como o cronograma para a súa execución. Neste sentido propónse que, ao longo do ano 2025 realícese unha breve presentación por áreas das medidas e indicadores do PACES que corresponden a cada unha delas. Estes encontros facilitarán a difusión interna do PACES, a súa posta en valor entre os responsables da súa aplicación e cumprimento e axudarían a mellorar a comunicación interna.</p>
COMUNICACIÓN, PARTICIPACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E FORMACIÓN (CPSF)
<p>Todas as accións que se desenvolven nesta liña xa se están relacionando co PACES cando se realiza difusión das mesmas por parte do Concello, pero aínda así, debe traballarse no seu perfeccionamento, adaptándoos á linguaxe das redes sociais e profundar nos programas de sensibilización e formación como ferramenta de mellora da Gobernanza.</p> <p>Neste sentido, deben fortalecerse as vías de comunicación internas entre as persoas empregadas e xestores locais en relación ao PACES, poñendo en valor as súas fortalezas e emprego como ferramenta de mellora, evitando a súa percepción como unha carga adicional no desempeño das funcións dos responsables da súa implementación.</p>
CONTRATACIÓN PÚBLICA DE PRODUTOS E SERVIZOS (CP)
<p>Aínda que se constata a través da información facilitada que se están incluíndo criterios de mellora da sustentabilidade nos novos contratos públicos, unha mellor difusión das medidas adoptadas nesta liña estratéxica nas áreas municipais implicadas pode axudar a definir criterios comúns que faciliten os procedementos de traballo internos.</p>
ILUMINACIÓN PÚBLICA (AP)
<p>O Concello de Gondomar xa ten iniciada esta acción chave cun proxecto para a renovación completo de alumeadado público, implementando tecnoloxía LED e telexestión en tódolos puntos de luz do municipio, mediante a contratación dunha empresa de servizos enerxéticos. Débese seguir o proceso, coa contratación do servizo enerxético para poder dar por culminada esta medida chave.</p>
EDIFICIOS, EQUIPAMENTOS/INSTALACIÓNS MUNICIPAIS (EIM)
<p>Deberíase de potenciar as actuacións nos edificios municipais. O obxectivo do PACES é mellorar a cualificación enerxética de todos os edificios municipais de aquí a 2030. Para iso, débese de seguir incidindo na implantación de iluminación LED, implantación de sistemas fotovoltaicos de autoconsumo, implantación de máis enerxías renovables térmicas e calquera outra medida que nos permita seguir mellorando as cualificacións enerxéticas dos edificios.</p>

LIÑA ESTRATÉXICA

EDIFICIOS, EQUIPAMENTOS/INSTALACIÓNS RESIDENCIAIS (EEIR)

Deberíase de intentar definir un plan de difusión de axudas para a veciñanza, para que poidan acollerse a elas e incentivar a mellora enerxética das vivendas particulares. Tamén se poderían implementar descontos no IBI ou outro tipo de axudas para os propietarios que executen melloras de eficiencia enerxética nas súas propiedades, se os orzamentos municipais o permiten.

TRANSPORTE FROTA MUNICIPAL (TPTEM)

O Concello de Gondomar acometeu a compra de algún vehículo máis eficiente, e achatarrou vehículos moi antigos e contaminantes. Debe seguir a implementar esta liña, adquirindo vehículos a poder ser 100% eléctricos e achatarrando os máis vellos de gasoil. Se e posible economicamente, débese acelerar a implantación de esta medida.

TRANSPORTE PÚBLICO E PRIVADO-COMERCIAL (TPTEPPC)

Dificultade na toma de datos en relación ao transporte privado, do mesmo xeito que ocorreu cos datos do sector residencial e terciario.
O Concello debe de colaborar con administracións supralocais para intentar que se fomenta o transporte colectivo para a veciñanza.
O Concello debe seguir apostando pola implantación e mantemento dos puntos de recargar para vehículos eléctricos.

XESTIÓN DE RESIDUOS (GR) e XESTIÓN DE AUGAS RESIDUAIS (GAR)

O Concello está a facer unha aposta importante pola compostaxe, co reparto de composteiros individuais, formación en colexios, etc. Débese manter esta liña e implementar o quinto contedor onde sexa preciso.

POBREZA ENERXÉTICA (POBE)

Débese manter o servizo de axuda, asesoramento e acompañamento tarifario en caso de recibir un aviso de corte de auga, luz ou gas, o servizo de promoción da eficiencia enerxética en fogares, co fin de non malgastar os recursos e o servizo de intervención en fogares en situación de grave ineficacia enerxética.

3.2 Proposta de novas accións

As accións propostas no PACES 2021 estaban centradas na fase de mitigación de emisións para alcanzar o obxectivo cuantificable de redución das emisións un 40% cara o ano 2030, aínda que tamén se incluíron algunhas accións transversais en máis dunha área e unhas grandes liñas de actuación en materia de adaptación ao cambio climático.

En función da análise realizada, o Concello de Gondomar considera que non é necesario establecer novas accións de mitigación xa que a maioría delas están en proceso de execución.

De todas formas, o Pacto das Alcaldías establece que no Informe de Seguimento os Concellos deben seguir traballando en alcanzar os obxectivos adquiridos. Por este motivo, comprométese a incorporar medidas máis centradas na **adaptación** ao cambio climático e á **loita contra a pobreza enerxética**, aínda que algunhas delas son transversais e tamén son consideradas como medidas de mitigación.

O Concello de Gondomar incorpora as seguintes accións:

NOVAS ACCIÓNS IS PACES 2024	Accións		
	Mitigación	Adaptación	Pobreza enerxética
Crear corredores verdes de sombra que unan zonas verdes e espazos significativos da cidade (para uso peonil ou en bicicleta)	X	X	
Realizar formacións en colexios en materia de cambio climático, medio ambiente, auga e biodiversidade		X	
Potenciar a concienciación e sensibilización da cidadanía fronte ao cambio climático e o uso responsable da auga		X	
Desenvolver e implementar un sistema de predición do comportamento da rede de abastecemento en situacións de seca		X	
Desenvolver campañas informativas sobre consumo enerxético eficiente nos colectivos máis vulnerables	X		X
Revisar o plan de emerxencia fronte á seca		X	
Elaborar un plan de Emerxencias Municipal (PEMU)		X	
Establecer axudas dirixidas aos fogares con maior risco de pobreza enerxética para a instalación ou substitución de elementos que favorezan o aforro enerxético (quentadores ACS, luminarias, carpinterías exteriores, ventás...)		X	X
Promocionar e desenvolver Comunidades Enerxéticas Locais en barrios con maior vulnerabilidade enerxética	X		X

A continuación preséntanse as fichas das 9 novas accións:

ACCIÓNS PACES DO CONCELLO DE GONDOMAR		Acción Chave: Si	Referencia: PT-01
NOVA ACCIÓN			
Liña Estratégica: MEDIO URBANO		Sector PACES: Planificación territorial	Prioridade: Media
Tipo de acción: Mitigación e adaptación			
Medida: CREAR CORREDORES VERDES DE SOMBRA QUE UNAN ZONAS VERDES E ESPAZOS SIGNIFICATIVOS (PARA USO PEONIL OU EN BICICLETA)			
Obxectivo: Deseño e planificación de corredores verdes que faciliten a conexión do sistema de zonas verdes do Concello de Gondomar.			
Descrición da acción: As previsións climáticas para os próximos anos no municipio presentan incrementos da temperatura máxima de ata 3°C nos peores escenarios, ao que se van a sumar períodos moito máis longos de vagas de calor extrema. Esta situación fai que sexa urxente establecer medidas para mitigar e adaptar o medio urbano ao novo escenario e que ademais permitan o uso de modos brandos que faciliten a transición cara a un modelo de mobilidade urbana máis sostible (pé e bicicleta principalmente). Para iso é necesario a creación de corredores verdes no espazo urbano que conecten distintas zonas do Concello de Gondomar, especialmente as que máis uso público teñen, equipamentos, edificios administrativos, etc. e que enlacen á súa vez co patrimonio natural do municipio. Con iso preténdese ofrecer zonas de sombra, conseguindo un confort térmico adecuado, que permita aos cidadáns realizar os seus desprazamentos polo municipio sen necesidade do uso do vehículo particular.			
Indicadores e seguimento: Indicador 1: Lonxitude dos corredores. Uds. Indicador 1: km		Indicador 2: N° árbores plantadas nas diferentes accións dos corredores verdes. Uds. Indicador 2: n°	
Indicador 3: N° de visitantes/usuarios anuais nos corredores verdes Uds. Indicador 3: n°		Indicador 4: ---- Uds. Indicador 4: ----	
Cronoloxía: Data de inicio da implantación: 2024 Data de finalización: 2030 Estado de Implantación: Non iniciada			
Perigos climáticos abordados:			
Calor Extremo:	X	Movemento de masas:	
Frío Extremo:		Incendios incontrolados:	
Precipitacións fortes:	X	Cambio químico:	
Inundacións e elevación do nivel do mar:		Risco biolóxico:	
Secas e escaseza de auga:		Outros:	
Tormentas:			
Grupos de poboación vulnerables aos que vai dirixido:			
Mulleres:		Fogares con baixos ingresos:	
Infancia:		Persoas desempregadas:	
Mocidade:		Persoas que viven en infravivendas:	
Anciáns:		Migrantes e desprazados:	
Grupos marxidados:		Outros:	
Persoas con discapacidade:		Todos:	X
Persoas con enfermidades crónicas:			
Custes de implantación			
Custe (€): Non cuantificado			
Financiamento:			

ACCIÓN PACES DO CONCELLO DE GONDOMAR		Acción Chave: Non	Referencia: EDU-01
NOVA ACCIÓN			
Liña Estratégica: SOCIEDADE E GOBERNANZA		Sector PACES: Educación	Prioridade: Media
Tipo de Acción: Adaptación			
Medida: REALIZAR FORMACIÓN EN COLEXIOS EN MATERIA DE CAMBIO CLIMÁTICO, MEDIO AMBIENTE, AUGA E BIODIVERSIDADE			
Obxectivo: Desenvolver un Programa de Educación Ambiental nos centros educativos.			
Descrición da acción: A Concellería de Medio Ambiente desenvolverá un Programa de Educación Ambiental nos centros educativos xa que pola súa labor didáctica considéranse lugares prioritarios para promover a acción fronte ao cambio climático. Dentro deste Programa de Educación Ambiental preténdese concienciar, con vistas ao futuro sobre o cambio climático, a este grupo de poboación mediante diferentes iniciativas que contribúan a reducir emisións, mellorar a xestión dos recursos e reducir os posibles impactos sobre a saúde e o benestar das persoas.			
Indicadores e seguimento: Indicador 1: N° de formacións impartidas Uds. Indicador 1: n°		Indicador 2: ---- Uds. Indicador 2: ----	
Indicador 3: ---- Uds. Indicador 3: ----		Indicador 4: ---- Uds. Indicador 4: ----	
Cronoloxía: Data de inicio da implantación: 2024 Data de finalización: 2030 Estado de Implantación: En proceso			
Perigos climáticos abordados:			
Calor Extremo:	X	Movemento de masas:	
Frío Extremo:	X	Incendios incontrolados:	X
Precipitacións fortes:	X	Cambio químico:	
Inundacións e elevación do nivel do mar:	X	Risco biolóxico:	
Secas e escaseza de auga:	X	Outros:	
Tormentas:	X		
Grupos de poboación vulnerables aos que vai dirixido:			
Mulleres:		Fogares con baixos ingresos:	
Infancia:	X	Persoas desempregadas:	
Mocidade:	X	Persoas que viven en infravivendas:	
Anciáns:		Migrantes e desprazados:	
Grupos marxinados:		Outros:	
Persoas con discapacidade:		Todos:	
Persoas con enfermidades crónicas:			
Custes de implantación			
Custe (€): Non cuantificado			
Financiamento:			

ACCIÓNS PACES DO CONCELLO DE GONDOMAR		Acción Chave: Si	Referencia: AU-01
NOVA ACCIÓN			
Liña Estratégica: SOCIEDADE E GOBERNANZA		Sector PACES: Auga	Prioridade: Alta
Tipo de Acción: Adaptación			
Medida: POTENCIAR A CONCIENCIACIÓN E SENSIBILIZACIÓN DA CIDADANÍA FRONTE AO CAMBIO CLIMÁTICO E O USO RESPONSABLE DA AUGA			
Obxectivo: Desenvolver accións de sensibilización sobre as consecuencias do cambio climático no municipio e máis en concreto sobre os fenómenos de seca.			
Descrición da acción: Esta iniciativa pretende transmitir as graves consecuencias que presenta o cambio climático no Concello mediante o desenvolvemento de charlas e campañas que permitan crear concienciación. As accións centraranse naqueles perigos climáticos máis evidentes na actualidade como son a escaseza de auga, a calor extrema ou as inundacións e secas. O responsable do Observatorio de Sustentabilidade, ofreceu unha charla no marco do ciclo “Crise climática ou crise do sistema” que organizou o Instituto de Estudos Miñoráns no seu local de Gondomar. A conferencia titulouse “Estratexia de decrecemento e adaptación ó cambio climático nun escenario de emerxencia climática”. Mostra dunha serie de actividades tendentes a concienciar á poboación sobre as consecuencias do cambio climático, promovendo, ao mesmo tempo, novos hábitos que polo seu efecto multiplicador axudarán a mitigar os efectos do cambio climático.			
Indicadores e seguimento: Indicador 1: N° de accións de sensibilización dirixidas á cidadanía Uds. Indicador 1: n°		Indicador 2: ---- Uds. Indicador 2: ----	
Indicador 3: ---- Uds. Indicador 3: ----		Indicador 4: ---- Uds. Indicador 4: ----	
Cronoloxía: Data de inicio da implantación: 2024 Data de finalización: 2030 Estado de Implantación: En proceso			
Perigos climáticos abordados:			
Calor Extremo:	X	Movemento de masas:	
Frío Extremo:	X	Incendios incontrolados:	X
Precipitacións fortes:	X	Cambio químico:	
Inundacións e elevación do nivel do mar:	X	Risco biolóxico:	
Secas e escaseza de auga:	X	Outros:	
Tormentas:			
Grupos de poboación vulnerables aos que vai dirixido:			
Mulleres:		Fogares con baixos ingresos:	
Infancia:		Persoas desempregadas:	
Mocidade:		Persoas que viven en infravivendas:	
Anciáns:		Migrantes e desprazados:	
Grupos marxidados:		Outros:	
Persoas con discapacidade:		Todos:	X
Persoas con enfermidades crónicas:			
Custes de implantación			
Custe (€): Non cuantificado			
Financiamento:			

ACCIÓNS PACES DO CONCELLO DE GONDOMAR		Acción Chave: Non	Referencia: AU-02
NOVA ACCIÓN			
Liña Estratéxica: MEDIO URBANO		Sector PACES: Auga	Prioridade: Media
Tipo de acción: Adaptación			
Medida: DESENVOLVER E IMPLEMENTAR UN SISTEMA DE PREDICIÓN DO COMPORTAMENTO DA REDE DE ABASTECIMENTO EN SITUACIÓNS DE SECA			
Obxectivo: Establecer un instrumento que posibilite adiantar o comportamento da rede de abastecemento en situacións de seca e poder tomar medidas previas en consecuencia.			
Descrición da medida: As secas caracterízanse por presentar unha frecuencia elevada, unha duración prolongada, unha extensión espacial considerable e unha velocidade de implantación lenta. Este último aspecto posibilita adiantarse a este evento e poder actuar de forma preventiva para evitar situacións de risco ou escaseza de auga. As accións de tipo preventivo incluírán todas as que se deban realizar con carácter sistemático de avaliación das condicións do sistema de abastecemento como son: comprobacións sistemáticas de que non existan fugas de auga, recompilación de datos de indicadores, informes para notificar a incursión ou aproximación das condicións de inicio das primeiras fases de seca.			
Indicadores e seguimento: Indicador 1: N° de indicadores establecidos Uds. Indicador 1: n°		Indicador 2: Realización de seguimentos mensuais Uds. Indicador 2: Presenza/Ausencia	
Indicador 3: ---- Uds. Indicador 3: ----		Indicador 4: ---- Uds. Indicador 4: ----	
Cronoloxía: Data de inicio da implantación: 2024 Data de finalización: 2030 Estado de Implantación: Non iniciada			
Perigos climáticos abordados:			
Calor Extremo:		Movemento de masas:	
Frío Extremo:		Incendios incontrolados:	
Precipitacións fortes:		Cambio químico:	
Inundacións e elevación do nivel do mar:		Risco biolóxico:	
Secas e escaseza de auga:	X	Outros:	
Tormentas:			
Grupos de poboación vulnerables aos que vai dirixido:			
Mulleres:		Fogares con baixos ingresos:	
Infancia:		Persoas desempregadas:	
Mocidade:		Persoas que viven en infravivendas:	
Anciáns:		Migrantes e desprazados:	
Grupos marxinados:		Outros:	
Persoas con discapacidade:		Todos:	X
Persoas con enfermidades crónicas:			
Custes de implantación			
Custe (€): Non cuantificado			
Financiamento:			

ACCIÓNS PACES DO CONCELLO DE GONDOMAR		Acción Chave: Non	Referencia: ASE-01
NOVA ACCIÓN			
Liña Estratégica: SOCIEDADE E GOBERNANZA		Sector PACES: Aspectos socio económicos	Prioridade: Media
Tipo de acción: Mitigación e pobreza enerxética			
Medida: DESENVOLVER CAMPAÑAS INFORMATIVAS SOBRE CONSUMO ENERXÉTICO EFICIENTE NOS COLECTIVOS MÁIS VULNERABLES			
Obxectivo: Realizar accións informativas para que os fogares máis vulnerables poidan facer fronte ás súas facturas do subministro enerxético.			
Descrición da medida: Desenvolvemento de campañas que estean dirixidas a persoas que se atopan nunha situación de vulnerabilidade, onde se trasladen consellos e recomendacións acerca de temas importantes para os pequenos consumidores co obxectivo de que dispoñan de información que descoñecen ou á que non adoitan ter acceso para poder sentirse empoderados fronte á defensa dos seus dereitos enerxéticos. Entre as tarefas a realizar estarían presentes os talleres de eficiencia enerxética en colaboración con entidades que traballan con esta poboación (onde se traballan as lecturas críticas das facturas de luz, gas e auga, así como as diferentes bonificacións existentes, como o bono social, e recomendacións para levar a cabo no fogar e conseguir un consumo enerxético máis responsable), asesoramentos individuais (onde se traballa a mellora da contratación de subministracións da persoa interesada e o seu acceso a bonificacións que lle poidan corresponder) e acompañamento nas situacións que así o requiran (por exemplo, dificultades de desprazamento, de lectura, fenda dixital, etc.).			
Indicadores e seguimento:		Indicador 2: ---	
Indicador 1: N° de campañas realizadas Uds. Indicador 1: n°		Uds. Indicador 2: ---	
Indicador 3: --- Uds. Indicador 3: ---		Indicador 4: --- Uds. Indicador 4: ---	
Cronoloxía: Data de inicio da implantación: 2024 Data de finalización: 2030 Estado de Implantación: Non iniciada			
Perigos climáticos abordados:			
Calor Extremo:	X	Movemento de masas:	
Frío Extremo:	X	Incendios incontrolados:	X
Precipitacións fortes:	X	Cambio químico:	
Inundacións e elevación do nivel do mar:	X	Risco biolóxico:	
Secas e escaseza de auga:	X	Outros:	
Tormentas:			
Grupos de poboación vulnerables aos que vai dirixido:			
Mulleres:		Fogares con baixos ingresos:	X
Infancia:		Persoas desempregadas:	X
Mocidade:		Persoas que viven en infravivendas:	X
Anciáns:	X	Migrantes e desprazados:	X
Grupos marxinados:	X	Outros:	
Persoas con discapacidade:		Todos:	
Persoas con enfermidades crónicas:			
Custes de implantación			
Custe (€): Non cuantificado			
Financiamento:			

ACCIÓNS PACES DO CONCELLO DE GONDOMAR		Acción Chave: Si	Referencia: AU-03
NOVA ACCIÓN			
Liña Estratégica: SOCIEDADE E GOBERNANZA		Sector PACES: Auga	Prioridade: Alta
Tipo de Acción: Adaptación			
Medida: REVISAR O PLAN DE EMERXENCIA FRONTE Á SECA			
Obxectivo: Preparar, aprobar e executar o plan municipal de emerxencia fronte a episodios de seca.			
Descrición da acción: O Concello de Gondomar toma como un dos eixos centrais de adaptación a revisión do seu Plan de Emerxencia fronte á seca, que define os mecanismos para a previsión e detección da presentación de situacións de seca, en función duns índices de estado e seguimento, baseados nos datos de precipitacións, caudais e niveis de ríos e encoros, piezometría e calidade das augas. A revisión do Plan permitirá repasar os recursos dispoñibles (almacenamento superficial, augas subterráneas, outros), así como revisar o estudo da demanda urbana por uso ou actividade (doméstico, industrial, comercial...) co fin de dispoñer de datos de subministración e comportamento que permitan identificar os estados e as principais zonas de risco de escaseza de auga. A partir desta información o Plan establecerá diferentes niveis de alerta fronte ao perigo de seca (como por exemplo: normalidade, prealerta, alerta e emerxencia), avaliándose as repercusións dos eventos extremos e establecéndose para cada fase as accións necesarias para minimizar os efectos negativos, así como o protocolo de acción e coordinación entre tódolos axentes con competencias.			
Indicadores e seguimento: Indicador 1: Plan de emerxencia fronte á seca Uds. Indicador 1: Presencia/Ausencia		Indicador 2: ---- Uds. Indicador 2: ----	
Indicador 3: ---- Uds. Indicador 3: ----		Indicador 4: ---- Uds. Indicador 4: ----	
Cronoloxía: Data de inicio da implantación: 2024 Data de finalización: 2030 Estado de Implantación: En proceso			
Perigos climáticos abordados:			
Calor Extremo:		Movemento de masas:	
Frío Extremo:		Incendios incontrolados:	
Precipitacións fortes:		Cambio químico:	
Inundacións e elevación do nivel do mar:		Risco biolóxico:	
Secas e escaseza de auga:	X	Outros:	
Tormentas:			
Grupos de poboación vulnerables aos que vai dirixido:			
Mulleres:		Fogares con baixos ingresos:	
Infancia:		Persoas desempregadas:	
Mocidade:		Persoas que viven en infravivendas:	
Anciáns:		Migrantes e desprazados:	
Grupos marxidados:		Outros:	
Persoas con discapacidade:		Todos:	X
Persoas con enfermidades crónicas:			
Custes de implantación			
Custe (€): Non cuantificado			
Financiamento:			

ACCIÓNS PACES DO CONCELLO DE GONDOMAR		Acción Chave: Non	Referencia: PE-02
NOVA ACCIÓN			
Liña Estratégica: MEDIO URBANO		Sector PACES: Protección civil e casos de emerxencia	Prioridade: Media
Tipo de acción: Adaptación			
Medida: ELABORAR UN PLAN DE EMERXENCIAS MUNICIPAL (PEMU)			
Obxectivo: Establecer un instrumento que maximice a protección para as persoas, o medio ambiente e os bens que resulten ou poidan resultar afectados en calquera situación de emerxencia.			
Descrición da medida: A elaboración dun Plan de Emerxencias Municipal (PEMU) permitirá identificar as posibles situacións que poidan supor un risco para as persoas, o medio ambiente e os bens. Estes riscos englobaranse en dúas categorías principais, os riscos naturais e os inducidos pola actividade humana, con distintos niveis de perigosidade. O plan recollerá medidas específicas para facer fronte ás situacións de emerxencia que poidan presentarse no ámbito municipal e permitirá ademais planificar e coordinar todos os servizos, recursos e medios existentes no municipio.			
Indicadores e seguimento: Indicador 1: Plan de Emerxencias Municipal (PEMU) Uds. Indicador 1: Presencia/Ausencia		Indicador 2: ---- Uds. Indicador 2: ----	
Indicador 3: ---- Uds. Indicador 3: ----		Indicador 4: ---- Uds. Indicador 4: ----	
Cronoloxía: Data de inicio da implantación: 2024 Data de finalización: 2030 Estado de Implantación: Non iniciada			
Perigos climáticos abordados:			
Calor Extremo:	X	Movemento de masas:	X
Frío Extremo:	X	Incendios incontrolados:	X
Precipitacións fortes:	X	Cambio químico:	X
Inundacións e elevación do nivel do mar:	X	Risco biolóxico:	X
Secas e escaseza de auga:	X	Outros:	
Tormentas:	X		
Grupos de poboación vulnerables aos que vai dirixido:			
Mulleres:		Fogares con baixos ingresos:	
Infancia:		Persoas desempregadas:	
Mocidade:		Persoas que viven en infravivendas:	
Anciáns:		Migrantes e desprazados:	
Grupos marxinados:		Outros:	
Persoas con discapacidade:		Todos:	X
Persoas con enfermidades crónicas:			
Custes de implantación			
Custe (€): Non cuantificado			
Financiamento:			

ACCIÓNS PACES DO CONCELLO DE GONDOMAR		Acción Chave: Non	Referencia: FI-01
NOVA ACCIÓN			
Liña Estratégica: SOCIEDADE E GOBERNANZA		Sector PACES: Fogares e instalacións	Prioridade: Media
Tipo de acción: Mitigación e pobreza enerxética			
Medida: ESTABLECER AXUDAS DIRIXIDAS AOS FOGARES CON MAIOR RISCO DE POBREZA ENERXÉTICA PARA A INSTALACIÓN OU SUBSTITUCIÓN DE ELEMENTOS QUE FAVOREZAN O AFORRO ENERXÉTICO (QUENTADORES ACS, LUMINARIAS, CARPINTERÍAS EXTERIORES, VENTÁS...)			
Obxectivo: Axudar a que os fogares con maior risco de pobreza enerxética poidan realizar instalacións ou substitucións máis eficientes enerxeticamente.			
Descrición da acción: O Concello de Gondomar destinará unha partida presupostaría para axudas aos fogares máis vulnerables para adquirir elementos que favorezan a eficiencia enerxética. Este servizo debe ser tramitado polos servizos sociais do Concello que deben seguir un criterio de nivel de ingresos do fogar por número de consumidores. Para identificar aos fogares máis vulnerables débense cumprir simultaneamente: <ul style="list-style-type: none"> • Non poder manter unha temperatura adecuada no inverno. • Atoparse en risco de pobreza (nivel de ingresos inferior ao 60% da mediana) É necesario estar seguros de que a imposibilidade para manter unha temperatura adecuada no inverno débese ao baixo nivel de ingresos, e non a outros motivos (por exemplo, as características da vivenda). A liña de axudas irá dirixida á substitución de electrodomésticos ou diversos elementos das vivendas de ocupación co obxectivo de obter aforro enerxético e unha maior eficiencia enerxética.			
Indicadores e seguimento: Indicador 1: N° de axudas concedidas Uds. Indicador 1: n°		Indicador 2: ---- Uds. Indicador 2: ----	
Indicador 3: ---- Uds. Indicador 3: ----		Indicador 4: ---- Uds. Indicador 4: ----	
Cronoloxía: Data de inicio da implantación: 2024 Data de finalización: 2030 Estado de Implantación: Non iniciada			
Perigos climáticos abordados:			
Calor Extremo:	X	Movemento de masas:	X
Frío Extremo:	X	Incendios incontrolados:	X
Precipitacións fortes:	X	Cambio químico:	X
Inundacións e elevación do nivel do mar:	X	Risco biolóxico:	X
Secas e escaseza de auga:	X	Outros:	
Tormentas:	X		
Grupos de poboación vulnerables aos que vai dirixido:			
Mulleres:		Fogares con baixos ingresos:	X
Infancia:		Persoas desempregadas:	X
Mocidade:		Persoas que viven en infravivendas:	X
Anciáns:		Migrantes e desprazados:	X
Grupos marxinados:	X	Outros:	
Persoas con discapacidade:		Todos:	
Persoas con enfermidades crónicas:			
Custes de implantación			
Custe (€): Non cuantificado			
Financiamento:			

ACCIÓNS PACES DO CONCELLO DE GONDOMAR		Acción Chave: Si	Referencia: FI-02
NOVA ACCIÓN			
Liña Estratégica: SOCIEDADE E GOBERNANZA		Sector PACES: Fogares e instalacións	Prioridade: Media
Tipo de Acción: Mitigación e pobreza enerxética			
Medida: PROMOCIONAR E DESENVOLVER COMUNIDADES ENERXÉTICAS LOCAIS EN ZONAS CON MAIOR VULNERABILIDADE ENERXÉTICA			
Obxectivo: Axudar e promover a que os fogares con maior risco de pobreza enerxética poidan participar en Comunidades Enerxéticas Locais.			
Descrición da acción: As Comunidades Enerxéticas Locais (CEL) permiten diminuír a factura da luz e que as persoas en risco de exclusión social poidan formar parte e beneficiarse e así reducir a súa vulnerabilidade fronte a pobreza enerxética. Os proxectos de comunidades enerxéticas poden levar a cabo múltiples actividades: producir, consumir, almacenar, compartir ou vender enerxía. Un exemplo de desenvolvemento de CEL no que intervéñen a Autoridade local é a creación dunha comunidade enerxética que produza enerxía renovable aproveitando cubertas municipais, e que distribúa os excedentes de enerxía solar nas vivendas do municipio, garantindo que unha parte da enerxía chega ás familias en situación de pobreza enerxética. Para desenvolver esta acción é fundamental fomentar o interese da sociedade en xeral e a súa implicación na transición enerxética e en particular nas CEL mediante: <ul style="list-style-type: none"> • Campañas de sensibilización e difusión, dando a coñecer exemplos existentes cos datos máis relevantes, e que permitan visualizar tanto a natureza das mesmas como o impacto positivo de cada unha delas nas localidades onde operan (natureza, cantidade de enerxía producida, tipo de enerxía, pegada de carbono, etc.). • Bonificacións tributarias a través do IBI e outras taxas diferenciadas que incentiven a participación da cidadanía nas CEL. Da mesma forma, incrementar o autoconsumo con enerxía renovable contribuiría á mitigación do cambio climático, xa que reduce a dependencia dos combustibles fósiles e, polo tanto, as emisións de GEI.			
Indicadores e seguimento: Indicador 1: N° de axudas concedidas Uds. Indicador 1: n°		Indicador 2: ---- Uds. Indicador 2: ----	
Indicador 3: ---- Uds. Indicador 3: ----		Indicador 4: ---- Uds. Indicador 4: ----	
Cronoloxía: Data de inicio da implantación: 2024 Data de finalización: 2030 Estado de Implantación: Non iniciada			
Perigos climáticos abordados:			
Calor Extremo:	X	Movemento de masas:	X
Frío Extremo:	X	Incendios incontrolados:	X
Precipitacións fortes:	X	Cambio químico:	X
Inundacións e elevación do nivel do mar:	X	Risco biolóxico:	X
Secas e escaseza de auga:	X	Outros:	
Tormentas:	X		
Grupos de poboación vulnerables aos que vai dirixido:			
Mulleres:		Fogares con baixos ingresos:	
Infancia:		Persoas desempregadas:	
Mocidade:		Persoas que viven en infravivendas:	
Anciáns:		Migrantes e desprazados:	
Grupos marxidados:		Outros:	
Persoas con discapacidade:		Todos:	X
Persoas con enfermidades crónicas:			
Custes de implantación			
Custe (€): Non cuantificado			
Financiamento:			

Entre as novas accións decídese incluír como acción chave, debido ao rol sumamente importante que xogan as novas xeracións en relación á mitigación e adaptación ao cambio climático, as seguintes:

- Crear corredores verdes de sombra que unan zonas verdes e espazos significativos da cidade (para uso peonil ou en bicicleta)
- Potenciar a concienciación e sensibilización da cidadanía fronte ao cambio climático e o uso responsable da auga
- Revisar o plan de emerxencia fronte á seca
- Promocionar e desenvolver Comunidades Enerxéticas Locais en barrios con maior vulnerabilidade enerxética

3.3 Accións chave e aliñamento con ODS

O Pacto das Alcaldías establece que no Informe de Seguimento deben contemplarse accións chave das tres áreas:

- Mínimo 3 accións de mitigación.
- Mínimo 3 accións de adaptación.
- Mínimo 1 acción de pobreza enerxética.

Se unha acción chave é transversal considérase que cumpre os requisitos mínimos de acción chave para cada unha das áreas ás que pertence, tal como se mostra a continuación:

ACCIÓN CHAVE	ÁREAS
Renovación das instalacións de alumado público	Mitigación
Renovación dos sistemas de calefacción e ACS dos edificios de titularidade municipal	Mitigación Adaptación
Humanización, peonalización dentro do termo municipal e redución da velocidade en vías para vehículos	Mitigación
Recollida separada dos biorresiduos para compostaxe	Mitigación Adaptación
Crear corredores verdes de sombra que unan zonas verdes e espazos significativos da cidade (para uso peonil ou en bicicleta)	Mitigación Adaptación
Potenciar a concienciación e sensibilización da cidadanía fronte ao cambio climático e o uso responsable da auga	Adaptación
Revisar o plan de emerxencia fronte á seca	Adaptación
Promocionar e desenvolver Comunidades Enerxéticas Locais en barrios con maior vulnerabilidade enerxética	Mitigación Pobreza enerxética

Como resumo, o Concello de Gondomar conta con 5 accións chave de mitigación, 5 accións chave de adaptación e 1 acción chave de pobreza enerxética.

O aliñamento das accións consideradas chave para o Concello de Gondomar cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) representa un compromiso para axudar a facer fronte aos retos sociais, económicos e medioambientais.



ACCIÓN CHAVE		OBJECTIVOS DE DESARROLLO SOSTIBLE (ODS)								
		1	2	3	4	5	6	7	8	9
		Fin da pobreza	Fame cero	Saúde e benestar	Educación de calidade	Igualdade de xénero	Auga limpa e saneamento	Energía accesible e non contaminante	Traballo decente e crecemento económico	Industria, innovación e infraestrutura
AP-01	Renovación das instalación de alumeadado público									
EEIM-01	Renovación dos sistemas de calefacción e ACS dos edificios de titularidade municipal									
TPTEPPC-02	Humanización, peonalización dentro do termo municipal e redución da velocidade en vías para vehículos									
GAR-01	Recollida separada dos biorresiduos para compostaxe									
POBE-01	Servizo de loita contra a pobreza enerxética en familias vulnerables levado a cabo polos servizos sociais									
PT-01	Crear corredores verdes de sombra que unan zonas verdes e espazos significativos da cidade (para uso peonil ou en bicicleta)									
AU-01	Potenciar a concienciación e sensibilización da cidadanía fronte ao cambio climático e o uso responsable da auga									
AU-03	Revisar o plan de emerxencia fronte á seca									
FI-02	Promocionar e desenvolver Comunidades Enerxéticas Locais en barrios con maior vulnerabilidade enerxética									



ACCIÓN CHAVE		OBJECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE (ODS)							
		10	11	12	13	14	15	16	17
		Redución das desigualdades	Cidades e comunidades sostibles	Produción e consumo responsables	Acción polo clima	Vida submarina	Vida de ecosistemas terrestres	Paz, xustiza e institucións sólidas	Alianzas para lograr os obxectivos
AP-01	Renovación das instalación de alumado público								
EEIM-01	Renovación dos sistemas de calefacción e ACS dos edificios de titularidade municipal								
TPTEPPC-02	Humanización, peonalización dentro do termo municipal e redución da velocidade en vías para vehículos								
GAR-01	Recollida separada dos biorresiduos para compostaxe								
POBE-01	Servizo de loita contra a pobreza enerxética en familias vulnerables levado a cabo polos servizos sociais								
PT-01	Crear corredores verdes de sombra que unan zonas verdes e espazos significativos da cidade (para uso peonil ou en bicicleta)								
AU-01	Potenciar a concienciación e sensibilización da cidadanía fronte ao cambio climático e o uso responsable da auga								
AU-03	Revisar o plan de emerxencia fronte á seca								
FI-02	Promocionar e desenvolver Comunidades Enerxéticas Locais en barrios con maior vulnerabilidade enerxética								

4 ESTRATEXIA PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

Unha vez realizada a análise do estado actual das accións executadas no período comprendido entre a aprobación do Plan de Acción e a elaboración do presente Informe de Seguimento, realizáronse varias comparacións entre o seu resultado e os obxectivos establecidos no PACES. As conclusións ás que se chega tras esta análise son as seguintes:

- Os consumos do alumeadado público reducíronse respecto aos do ano de referencia debido ás diferentes actuacións levadas a cabo polo Concello.
- O padrón municipal do Concello de Gondomar⁶ no ano 2023 aumentou respecto ao do ano 2019, pasando de 14.286 no 2019 a 15.043 habitantes no 2023. Este aumento de poboación non implicou que os consumos do sector residencial aumentasen, ao igual que os consumos do transporte privado e comercial que tamén diminuíron. Polo que as emisións de CO₂ derivadas destes consumos diminuíron, en parte como resultado das actuacións e melloras que os cidadáns están acometendo nos seus fogares e vehículos.
- Nos próximos anos será necesario seguir traballando neste ámbito e lograr incrementar os valores de redución de emisións mediante a posta en marcha de novas iniciativas municipais en sectores como o transporte privado/comercial e o sector residencial, xa que son os responsables da maior porcentaxe das emisións.

Con respecto á adaptación ao cambio climático, o Concello de Gondomar responde ao compromiso do Concello de deseñar e poñer en marcha unha estratexia a medio-longo prazo que permita ao municipio aumentar a súa resiliencia ao cambio climático enmarcado nos seguintes obxectivos:

- Deseñar un Concello resiliente aos impactos derivados do cambio climático.
- Mellorar a calidade de vida, o benestar e a saúde da cidadanía prestando especial atención á poboación máis vulnerable.
- Integrar a adaptación ao cambio climático na planificación e xestión do municipio.
- Posicionar ao Concello de Gondomar como exemplo en materia de mitigación e adaptación ao cambio climático.
- Desenvolver unha economía sostible e fomentar a innovación.

E por último, o Concello de Gondomar aposta de forma estratéxica por accións que abordan o acceso equitativo a unha enerxía segura, alcanzable e sostible, é dicir, que loitan contra a pobreza enerxética da cidadanía do municipio.

⁶ Datos obtidos do INE.

Informe de seguimiento do Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible

Concello de Gondomar



Elaborado por:

INOVA